

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 14/04/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

## ASISTENTES

**ALCALDE**  
José Marcote Suárez

**TTES. DE ALCALDE**  
Xan Carlos Sar Oliveira  
Soledad Vilela Romero  
Teresa Fernández Martínez

**SECRETARIO**  
José Ramón Lema Fuentes

## ASUNTOS

**1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-**

**2º.- Licenzas urbanísticas.-**

**3º.- Asuntos varios.-**

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **14/04/2016** reúnen no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

**1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-**

Sometida a votación a do día 31 de Marzo de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

**2º.- Licenzas urbanísticas.-**

**Deisaxe o asunto sobre a mesa**

**3º.- Asuntos varios.**

## **CERTIFICACIÓN DE OBRA**

Unha vez examinada e encontrándoa conforme por axustarse a realidade, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda a **prestar a súa aprobación á Certificación Cuarta e derradeira da Obra denominada "ACTUACIONES DE POSTA EN VALOR DA SENDA PEONIL DO FARO**

FISTERRA " incluída no Convenio número 53 / 2015 formalizado o día 4 de marzo de 2016 coa Excmá Diputación Provincial e por un importe de Trinta mil trescentos oitenta e catro euros con dezaioito céntimos ( 30.384,18 € ) debidamente asinada polo Contratista adxudicatario Murat Construcción y Mantenimiento S.L., e a nova Directora de Obras, Sabina Beatriz Lucas Quintans.----

### SERVIZOS SOCIAIS

Visto o informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. J. D. B., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos oitenta euros ( 380,00 €) para sufragar gastos farmacéuticos non cubertos pola Seguridade Social, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais obrante no expediente, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a L. N. M., veciña de Fisterra, a TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA MINUSVÁLIDOS cun un prazo de validez de Dez anos ( 10 ).--

Visto o Informe desfavorable emitido polo Departamento de Servizos Sociais así como o da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia de data 2 de Decembro de 2015 quen determina claramente que interesada NON ACREDITA DIFICULTADES DE MOBILIDADE, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda Denegar a Tarxeta de Estacionamento a R. M. C. C., veciña de Fisterra, toda vez que non existen dificultades para utilizar transportes colectivos.

### DEVOLUCION GARANTIA DEFINITIVA

Unha vez examinado o expediente, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda;

1) Cancelar a garantía definitiva imposta no seu día por parte da Empresa Construcciones D. Ogando S.L. con CIF B15209794 e domicilio social na localidade de Senande, 170 do Termo Municipal de MUXIA ( CP 15124 ) para responder das súas obrigas resultantes do **Contrato administrativos de execución de obra que a continuación se indican :**

OBRA	AVAL / ENTIDADE	IMPORTE
Construcción de Cunetas de Formigón no Vial de Sardiñeiro de Arriba - Fisterra	Banco Pastor ( 03/11/2014 )	937,75 €

**2º.- Notificar este acordo ó adxudicatario para o seu coñecemento e demais efectos.-**

**VENDA AMBULANTE**  
**RENOVACION ANUAL 2016**

Vistos os expedientes individuais iniciados coa finalidade de renovar os postos que se ocupan na venda ambulante deste concello para o ano 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**1º) Acceder ao solicitado polas persoas interesadas e conceder autorización para realizar a venda ambulante neste concello durante o ano 2016, ás persoas que de seguido se indican:**

NUM/ MTS	INTERESADO DNI/CIF/NIE	DOMICILIO	ACTIVIDADE
2/ 6 MTS	FABIAN GONZALEZ, Juan Ramón	Santa Comba	663.2 TEXTIL
4/ 12 MTS	VARELA SUAREZ, José Manuel	Coristanco	663.2 TEXTIL
5/ 8 MTS	CANOSA ALVITE, Guillermina	Muxía	663.2 TEXTIL
8/ 12 MTS	LEMA BOQUETE, José Manuel	CEE	663.9 MERCADURIAS
13/ 7 MTS	CUNDINS MENDEZ, Juan Antonio	LAXE	663.3 CALZADO
14/ 7 MTS	GONZALEZ PEREZ, Manuel	Santiago	663.2 TEXTIL
19/ 16 MTS	RAMOS ANTELO, Salustiano	Camariñas	663.2 TEXTIL
20/ 7 MTS	BOK DIOM, SOC. COOP. GALEGA GUEYE, Abdou	A Coruña	663.9 MERCADURAS
25-A/ 25-B/ 26-A/ 18 MTS	CARREIRA GALLEGO, José Luís	Fisterra	663.2 TEXTIL
29/ 10 MTS	VAZQUEZ GONZALEZ, Jesús	Boiro	663.2 TEXTIL
30/ 10 MTS	OTERO SANTANDRE, Lourdes	Teo	663.2 TEXTIL
31/ 6 MTS	GUEYE LO, Khadim	- A Coruña	663.9 MERCADURIAS
32/ 8 MTS	TUÑEZ CASTRO, José	CEE	663.2 TEXTIL
36/ 10 MTS	PUENTE PASAJE S.C. FERNANDEZ FERNANDEZ, Montserrat	Milladoiro - AMES	663.2 TEXTIL
38/ 6 MTS	PASEO MARITIMO CORUÑA, S.C. ROSILLO FERRERUELA, Ramón	Santiago	663.2 TEXTIL
41/ 43/ 12 MTS	SMOUKI, Laila	Camariñas	663.2 TEXTIL
42/ 8 MTS	SALAZAR ROSILLO, Mª. Sonia	Milladoiro - AMES	663.2 TEXTIL

45/ 46/ 10 MTS	TALAA, Hind	Camariñas	663.2 TEXTIL
----------------------	-------------	-----------	-----------------

**2º)** Notificar este acodo ás persoas interesadas para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poidan interpoñer.

### **RENOVACION ANUAL 2016** **“ALIMENTACIÓN”**

Vistos os expedientes individuais iniciados coa finalidade de renovar os postos que se ocupan na venda ambulante de alimentación deste concello para o ano 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**1º)** Acceder ao solicitado polas persoas interesadas e conceder autorización para realizar a venda ambulante de alimentación neste concello durante o ano 2016, ás persoas que de seguido se indican:

NUM MTS	INTERESADO DNI/CIF/NIE	DOMICILIO	ACTIVIDADE
2-AL 10	PEREIRA TAJES, Juan Ramón	Vimianzo	663.1 ALIMENTACIÓN
3-AL 4	SOUTIÑO PEREZ, Carmen	Caldas de Rei	663.1 ALIMENTACIÓN
5-AL 6	FRANCO GONZALEZ, Manuel	Dumbria	663.1 ALIMENTACIÓN
6-AL 8	SANTOS CASTIÑEIRA, Isabel	Corcubión	663.1 ALIMENTACIÓN
7-AL 4	AMADO BOTANA, Soledad	Carballo	663.1 ALIMENTACIÓN
9-AL 8	VILA BLANCO, M <sup>a</sup> . Belén	Dumbria	663.1 ALIMENTACIÓN

**2º)** Notificar este acodo ás persoas interesadas para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poidan interpoñer.

### **BAIXAS VENDA AMBULANTE 2016** **“ALIMENTACIÓN”**

Vistos os expedientes individuais iniciados coa finalidade de renovar os postos que se ocupan na venda ambulante de alimentación deste concello para o ano 2016, e tendo en conta que non presentaron a documentación necesaria para tal finalidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**1º)** Dar de baixa no padrón de venda ambulante de alimentación que se realiza neste concello para o ano 2016, ás persoas que de seguido se indican:

NUM MTS	INTERESADO DNI/CIF/NIE	DOMICILIO	ACTIVIDADE
1-AL	FROITAS VARELA VAZQUEZ, S.L.	R/ Arasolis	663.1

10	B-15.968.977	15155 - Fisterra	ALIMENTACIÓN
4-AL 10	FROITAS COSTA VELLA, S.L	Santiago	663.1 ALIMENTACIÓN

**2º)** Notificar este acodo ás persoas interesadas para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poidan interpoñer.

### **LICENZAS DE APERTURA** **TRANSMISION DE LICENZAS**

**A)** Visto o expediente iniciado co número 800 (RE) de 23/3/2016 por **Roberto Traba Velay**, e domicilio nesta vila, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “albergue” que se localiza na edificación da rúa Víctor Cardalda, desta vila.

**CONSIDERANDO:** Que a Xunta de Goberno Local na sesión que celebrou o pasado 14/5/2009 concedíulle licenza definitiva de apertura de “albergue” que se localiza na edificación da rúa Víctor Cardalda, desta vila a O ALBERGUE DE PAZ, S.C..

**CONSIDERANDO:** Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre José Lago Castreje en representación de O ALBERGUE DE PAZ, e Roberto Traba Velay.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder a Roberto Traba Velay, licenza de apertura de “albergue” que se localiza na edificación da rúa Víctor Cardalda, desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

**B)** Visto o expediente iniciado co número 957 (RE) de 7/4/2016 por **HOTEL LANGOSTEIRA, S.C.**, con CIF: J-70.209.168 e domicilio na Avda da Coruña, 67 desta vila, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “hotel” que se localiza na edificación da Avda da Coruña, 67 desta vila.

**CONSIDERANDO:** Que por resolución da alcaldía de 6/9/1989 concedíuselle licenza definitiva de apertura de “hotel” que se localiza na edificación da Avda da Coruña, 67 desta vila a Teresa Fernández Martínez.

**CONSIDERANDO:** Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Teresa Fernández Martínez e Paulina e Rosalía Mouzo Fernández en representación de HOTEL LANGOSTEIRA, S.C..

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por HOTEL LANGOSTEIRA, S.C., e concederlle licenza de apertura de “hotel” que se localiza na edificación da Avda da Coruña, 67 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

**Este acordo adóptase sen a presenza da tenente de alcalde Teresa Fernández Martínez, dado o seu parentesco coa promotora.**

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 22:35 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.